

Expte: 50/2023

Asunto: V FEIRA DO QUEIXO DE MOECHE

ANTECEDENTES

1 A feira do queixo de Moeche é unha cita que pretende fomentar o consumo e a cultura do queixo, na que desexamos ofrecer aos asistentes un ambiente agradable e lúdico, no que poidan desfrutar da calidade e o saber facer dos produtores. A “ **V Feira do Queixo de Moeche**” terá lugar o **26 de marzo de 2023** no recinto feiral do Concello de Moeche donde se reunirán queixerías locais e doutras provincias e comunidades.

2. Debido á gran afluencia de postos, e para os efectos da súa ordenación no espazo habilitado para a súa celebración, é necesaria a aprobación dunha bases de participación.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

1. Aprobar as bases de participación e o modelo de solicitude da **V Feira do Queixo de Moeche** que se achegan como anexo.
2. Destas bases darase publicidade para o coñecemento xeral na páxina web www.moeche.gal e no taboleiro de anuncios da sede electrónica.

Moeche, (na data da sinatura dixital)

A alcaldesa

Beatriz Bascoy Maceiras



Anexo

Bases de participación na V Feira do Queixo de Moeche

1. A feira do queixo de Moeche é unha cita que pretende fomentar o consumo e a cultura do queixo, na que desexamos ofrecer aos asistentes un ambiente agradable e lúdico, no que poidan desfrutar da calidade e o saber facer dos produtores. A **V Feira do Queixo de Moeche** terá lugar o **26 de marzo de 2023** no recinto feiral do Concello de Moeche

2. As persoas interesadas en participar deberán solicitar a súa inscrición a través da sede electrónica do Concello de Moeche <https://moeche.sedelectronica.gal/info.0> . O **prazo de inscrición vai do 09/02/2023 ao 24/02/2023**. Confirmaráselles a súa participación a través do enderezo electrónico que indiquen na solicitude. Con carácter xeral, daráselles preferencia ás queixerías que participasen noutras edicións. Se é a primeira vez que asiste, deberase achegar coa solicitude unha copia do rexistro sanitario dos seus produtos.

3. Establécese unha cota de inscrición na **V Feira do Queixo** de **30 €** (trinta euros). A cota inclúe o dereito a participar, a mesa e mostrador para exposición, e de ser necesario electricidade (deberase indicar na solicitude).

A cota deberase pagar na Casa do Concello ou na conta bancaria ES65 2080 0210 1731 1000 0016, dentro do prazo de inscrición, e nunca antes de confirmarlle a participación. No pagamento deberase facer consta nome e apelidos da persoa participante e nome da queixería ou entidade

As persoas solicitantes que pagaron a cota do ano 2020 (edición que se suspendeu por mor da pandemia da COVID 19) e non solicitaron a devolución, considéraselles pagada a cota da edición de 2023.

4. As entidades colaboradoras estarán exentas do pagamento da cota de participación

5. Os e as participantes na V Feira do Queixo de Moeche comprométense e a asistir o día 26 de marzo de 2023, a teren o seu posto aberto en horario de atención ao público de 10:00 a 18:30 horas e comprométense a coidar a presentación do seu posto e do seu produto.

6. O recinto estará aberto para montaxe dos postos desde as 08:30 h.



Solicitud de participación na V Feira do Queixo de Moeche

26 de marzo de 2023

(Prazo de inscrición: do 09/02/2023 ao 24/02/2023)

Pola presente solicito ser admitido/a como participante na **V Feira do Queixo de Moeche**, e comprométome a asistir o día **26 de marzo** e ter o meu posto aberto en horario de atención ao público de **10:00 a 18.30 h.**

Don/a:

En representación da empresa:

DNI ou CIF:

Enderezo:

Teléfono de contacto :

Preciso electricidade: (si/non)

Estou interesado/a en presentar un dos meus queixos na cata: (pór aquí a descrición do queixo e o nome do mesmo)

IMPORTANTE: a feira do queixo de Moeche é unha cita que pretende fomentar o consumo e a cultura do queixo, na que desexamos ofrecer aos asistentes un ambiente agradable e lúdico, no que poidan desfrutar da calidade e o saber facer dos produtores. Por este motivo pregamos aos participantes que coiden a presentación do seu posto e do seu produto. Salvo que se notifique con antelación o contrario por parte do interesado, cada participante terá a súa disposición unha mesa para a colocación dos produtos. O recinto estará aberto para a **MONTAXE DE POSTOS** a partir **das 8.30 h.**

A inscrición deberase facer por sede electrónica, <https://moeche.sedelectronica.gal/info.0>

Unha vez confirmada a inscrición por parte do Concello de Moeche, debe facer efectivo o pagamento da cota correspondente á participación (30€) na conta bancaria:

(Abanca) ES65 2080 0210 1731 1000 0016

***Nota:** As persoas solicitantes que pagaron a cota do ano 2020 (edición que se suspendeu por mor da pandemia da COVID 19) e non solicitaron a devolución, considéraselles pagada a cota da edición de 2023.*

Moitas grazas pola túa colaboración

